

# FEMINISMO ANTIFASCISMO REVOLUCIÓN



**ÚNETE!**

# Únete para loitar...

**1. Por unha educación 100% pública, laica, de calidade, democrática e gratuita dende Infantil ata a Universidade.** Nin un euro público á patronal do ensino privado nin á Igrexa! Incorporación da escola concertada á rede pública. Pola baixada das cocientes ata un máximo de 15 estudantes por aula e pola contratación de todos os profesores, profesoras e persoal necesario.

**2. Polo dereito á saúde mental.** Precisamos milleiros de psicólogos e psiquiatras máis na sanidade pública e na Atención Primaria, pero tamén en cada escola, instituto e facultade. A saúde mental non pode seguir sendo un privilexio de clase nin un negocio. Que se nacionalicen a sanidade privada e as farmacéuticas para poñer todos os seus inxentes recursos e beneficios ao servizo das necesidades sociais!

**3. Por un feminismo combativo e anticapitalista.** Basta xa de violencia machista, xustiza patriarcal e opresión ao colectivo LGTBI. Queremos unhas aulas libres destas lacras, libres de racismo e fascismo, con castigo exemplar para os responsables dos malos tratos físicos e psicolóxicos, as violacións e os asasinatos de mulleres. Por unha materia de educación sexual, inclusiva e en liberdade, avaliable e obrigatoria en todas as etapas do sistema educativo, para educar na igualdade, o respecto e a diversidade.

**4. Por un presente e un futuro sen precariedade.** Negámonos a seguir sendo as grandes vítimas das crises económicas e da lóxica do sistema capitalista. Queremos dereitos laborais, prácticas remuneradas, contratos e soldos dignos, acceso a unha vivenda e a uns servizos públicos gratuítos e de calidade.

**5. Contra o fascismo e o capitalismo.** A extrema dereita é unha ameaza moi seria para a gran maioría da poboación. Pero non poderemos pararlles os pés apelando a “cordóns sanitarios” no Parlamento ou confiando nunha xustiza ao servizo dos poderosos. O fascismo non se discute, combátese coa mobilización masiva nas rúas e a defensa dun programa revolucionario. Levantemos a resistencia antifascista!



**Organiza o Sindicato de Estudantes, contacta e únete:**  
WhatsApp 686 680 720 · [sindicatodeestudiantes@gmail.com](mailto:sindicatodeestudiantes@gmail.com)  
[sindicatodeestudiantes.net](http://sindicatodeestudiantes.net) · [libresycombativas.net](http://libresycombativas.net)